



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Nomeamento de 1 empregada/o administrativo/a, durante 9 meses, para o programa I relativo á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027) ao abeiro da orde do 13 de agosto de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Núm. Admvo. Expte.: 2025/E001/000005

Expte. Decreto Núm.: 2025/G003/000958

A secretaría xeral de Emprego e Relacións Laborais da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comunicou a este concello, con data do 28/10/2025, a resolución de concesión dunha subvención por importe de 16.380,090 € para a contratación de 1 persoa moza inscrita no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para a ocupación de empregado/a administrativo/a co CNO 4500 (Empregados administrativos con tarefas de atención ao público non clasificadas baixo outros epígrafes) ao abeiro da Orde do 13 de agosto de 2025, por un período de 9 meses a tempo completo, utilizando exclusivamente a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 406, contrato de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos).

Por Resolución de Alcaldía núm. 855/2025, de data do 07/11/2025 aprobáronse as bases para a contratación laboral temporal dun/ha empregado/a administrativo/a, previa preselección pola oficina de Emprego de Carballo para o Programa I relativo á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 subvencionado pola referida Orde do 13 de agosto de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Posteriormente, tramitouse a oferta para este posto de traballo na oficina do Servizo Público de Emprego de Carballo; remitindo esta oficina a relación de persoas candidatas preseleccionadas que se axustan ao perfil profesional solicitado para esta oferta, co número de oferta 12-2025-10788.

Por medio da Resolución de Alcaldía núm. 885/2025, de 17/11/2025, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas á mencionada convocatoria e por Resolución de Alcaldía núm. 900/2025, de 20/11/2025, aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas á mencionada convocatoria.

Vista a acta de constitución do tribunal reunido o día 27/11/2025 que avaliou procedemento de selección na que se propón ao sr. Alcalde designar a Patricia Ramos Maceiras para o posto de empregada administrativa, para o programa I relativo á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil por ser a aspirante que acadou a maior puntuación.

Unha vez comprobada a documentación presentada con data 3 de decembro de 2025, pola persoa aspirante proposta, Patricia Ramos Maceiras, establecida na base décimo terceira das bases de selección e sendo a mesma conforme.

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro: Nomear a Patricia Ramos Maceiras con DNI ***100*** como persoal laboral temporal para que realice as tarefas de empregada administrativa para o programa I relativo á contratación de persoas mozas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil (subvencionado polo programa I relativo á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027) ao abeiro da orde do 13 de agosto de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración., Expte. TR350E 2025/000139-00), a xornada completa e baixo a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 406, contrato de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos). O contrato terá unha duración de 9 meses, dende o 09/12/2025 ata o 08/08/2026, ámbolos dous incluídos.

Segundo: Coa sinatura do contrato, informaráselle acerca do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co concello.

Terceiro: Notificar este á persoa interesada.

Cuarto: De acordo coa base 11.4 das bases de selección, esta resolución publicarase no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Laxe.

Quinto: Dar traslado desta Resolución ao Departamento de contabilidade para o seu coñecemento e efectos.

Sexto: Dar conta desta Resolución ao Pleno municipal na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Mándoo e asínoo, en Laxe na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. Francisco Charlín Oróns, do que eu como secretaria-interventora dou fe.

O alcalde,
Asdo.: Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora
Asdo.: Begoña Carrasco García